



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A ACELERADORA BFAERO ESCOLLE 28 PROXECTOS FINALISTAS DO SECTOR AERONÁUTICO QUE OPTAN ÁS SETE PRAZAS DA SÚA TERCEIRA EDICIÓN

- ***O Comité Executivo do programa impulsado pola Xunta de Galicia anunciará as sete candidaturas gañadoras o vindeiro 1 de decembro***
- ***Galicia é a comunidade autónoma que máis proxectos achega nesta fase final, con dez iniciativas; seguida por Madrid, con sete; e Cataluña e a Comunidade Valenciana, con tres***
- ***Destacan os proxectos relacionados coas tecnoloxías habilitadoras e co tratamento de datos e información***

**Lugo, 26 de novembro de 2020.**- A aceleradora do sector aeroespacial Business Factory Aero (BFAero), impulsada pola Xunta de Galicia no marco do Polo Aeroespacial de Galicia, vén de seleccionar 28 proxectos finalistas de entre as 85 candidaturas que se presentaron á fase de selección da súa terceira convocatoria.

Estas 28 propostas vinculadas ao sector aeroespacial e dos vehículos non tripulados poderán defenderse este venres 27 de decembro e o luns 30 de decembro nunha entrevista técnica e *pitch online* ante o Comité Executivo. O martes 1 de decembro daranse a coñecer os sete proxectos que finalmente entrarán nesta terceira edición da aceleradora, tres deles en fase de incubación e catro en aceleración.

Galicia é a comunidade autónoma que máis proxectos achega nesta fase final, con dez (catro da provincia de Pontevedra, tres da Coruña e tres de Lugo). Os restantes proceden de Madrid (7), Cataluña (3), Comunidade Valenciana (3), Castela e León (2), Asturias, Euskadi e Aragón, cunha candidatura cada unha.

No referente ao tipo de programa ao que optan, a metade, 14, aspiran a entrar na fase de incubación e os 14 restantes na de aceleración. En canto ás áreas temáticas dos finalistas, destacan os proxectos relacionados coas tecnoloxías habilitadoras e co tratamento de datos e información, seguidas da automatización, cargas de pago e sistemas, deseño e produción, navegabilidade e fabricación. Tamén hai un proxecto finalista da nova área introducida nesta convocatoria para solucións contra a covid-19.

Os promotores de BFAero destacan o alto nivel técnico e calidade da maioría das 85 candidaturas empresariais presentadas nesta edición, o que fixo que excedesen o número mínimo de proxectos finalistas establecido nas bases da convocatoria. As normas contemplaban unha selección dun mínimo de 12 propostas finalistas (dúas delas elixidas por votación popular na web e 10 delas seleccionadas polo Comité Executivo). Finalmente son 28 os proxectos que pasan á fase final (os dous da votación popular máis 26 que pasaron a primeira criba do Comité).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os resultados desta terceira edición confirman o interese que esperta un sector en auge como o da aeronáutica e os vehículos non tripulados. En apenas dous anos, BFAero lanzou tres convocatorias nas que se presentaron 179 candidaturas, a metade delas (89) procedentes de Galicia. Estes datos reforzan o importante papel do Polo Aeroespacial da Xunta de Galicia para reter e captar talento na comunidade galega, que conseguiu converterse xa nun polo de referencia en España que resulta de interese para os emprendedores deste sector.

Os proxectos finalistas son os seguintes:

Para a fase de incubación:

- PHARMADRON
- Aerotaxi No tripulado
- Smartdrone
- Uso UAVs para Realidad Aumentada
- SOLARbotix
- VTOL de largo alcance
- DroneSuite
- CAMODrone
- DRONE4SAFE
- SIMULMAP
- SERENA2
- Inteligencia Artificial para el cubicaje forestal
- AT-Link & A14M

Para a fase de aceleración:

- SAQQARAH
- PrimeCor
- DroNDT
- OSSIE UARX Space
- ELECTRICGREEN, The Smart Grid Service Area.
- TRansporte basado en ENjambre de Drones (TREND)
- DIGITALIZACION FOTOVOLTAICA MEDIANTE DRONES
- Plataforma webGIS
- SITRfotovoltaica. Sistema de Inspección en tiempo
- CIES UAV SOLAR
- ATOM
- Diseño y producción de UAV's ALA FIJA PLUS
- Aerial Insights

Os dous proxectos máis apoiados na votación popular foron:

- UAV 5G (Incubación)

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

- Aerocovid (Aceleración)

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE  
ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN